

CORRECCIÓN DE ERROS

BASES DA CONVOCATORIA PROGRAMADOR/A PUBLICADA O 30 DE DECEMBRO DE 2022

Advertido erro no texto das bases da convocatoria, na páxina 6, no apartado "I.3.2. *As persoas interesadas deberán incorporar xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación:*", procede engadir un último apartado e) tras o apartado d) que debe dicir:

e) Xustificante bancario de ter aboado a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma.

Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade.

Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

Persoas demandantes de emprego: certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que figura como demandante de Emprego desde polo menos seis meses anteriores á data da publicación da convocatoria no DOG e na que conste, se é o caso que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo, non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

Advertido erro no modelo de ANEXO I de solicitude, procédese a xuntar de novo o mesmo tendo en conta os cambios producidos no punto anterior, relativos ao pago de taxas.

Advertido erro no texto das bases da convocatoria, na páxina 12, no apartado *a) Formación*, procede efectuar a seguinte corrección:

Onde dí:

Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valorarase con 0,40 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 4 puntos por curso. A puntuación máxima deste apartado será 25 puntos.

Debe dicir:

Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valorarase con 0,04 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 4 puntos por curso. A puntuación máxima deste apartado será 25 puntos.

En Santiago de Compostela na data sinatura dixital

O Director Xerente da Fundación CESGA,

Lois Orosa Nogueira





Avda. de Vigo, s/n (campus vida)
15705 Santiago de Compostela
A Coruña - Spain
Email: info@cesga.es
Tel.: (34)981569810
www.cesga.gal

